

Centro: Hospital do Salnés.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	4	4	2
	Área Cirúrxica	4	4	4
	Área Clínica/Hospitalización	5	2	2
	SS.CC.	3	2	2
Persoal DUE	Urxencias	4	4	3
	Área Cirúrxica	2	2	2
	Área Clínica/Hospitalización	10	7	5
	SS.CC.			
Persoal Sanitario FP	T. coidados aux. enfermaría	12	10	8
	Técnicos especialistas	3	3	2
Celadores/as		4	3	2
Persoal administrativo		10	3	2
Mantemento				
Telefonista				
Hostalaría	Cociñeiro/a			
	Pinche			
Conductor/a				
Lavandaría	Lavandeira/o			
	Pasador/a de ferro			

Centro: Xerencia de Atención Primaria Pontevedra.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo (médicos, pediatras, odontólogos)	96	35	17
Persoal de enfermaría	79	28	15
Outro persoal sanitario			
Persoal de servizos xerais	44	11	2
Auxiliar administrativo	11	1	
Celadores/as	6	11	11

Centro: Xerencia Atención Primaria Vigo.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo (médicos, pediatras, odontólogos)	81	53	18
Persoal de enfermaría	78	49	15
Outro persoal sanitario			
Persoal de servizos xerais	40	20	
Auxiliar administrativo	6	2	
Celadores/as	5	12	11
Conductor/a		2	2
Telefonista		1	1

Centro: Galaría Vigo

Persoal facultativo-Servizo	Número de efectivos de servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Especialista cardioloxía (cardioloxía intervencionista)	1	1	1 localizado
Cirurgán cardíaco (cirurxía cardíaca)	2	2	2 localizados
Radiofísico hospitalario (radiofísica)	1	1	0
Esp. oncoloxía radioterápica (radioterapia)	3	2	0
Esp. med. nuclear (medicina nuclear)	0	1	0
Esp. radioloxía (diagnóstico por imaxe)	2	1	1 localizado

Centro: Galaría Ourense

Persoal facultativo-Servizo	Número de efectivos de servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Especialista cardioloxía (cardioloxía intervencionista)	1	0	0
Esp. medicina nuclear (medicina nuclear)	1	0	0

Centro: Galaría Santiago

Persoal facultativo-Servizo	Número de efectivos de servizos mínimos	
	Mañá/noite	Tarde
Radiofarmacéutico	1	0

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Orde do 1 de decembro de 2009 pola que se fixan os prezos derivados dos servizos xestionados pola Consellería do Medio Rural, referente a plantas forestais, semente e piñas de sequeiro.*

A Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes, en cumprimento do precepto establecido no artigo 6 da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, publicou mediante a Orde do 17 de febreiro de 1997 os prezos privados dos servizos xestionados por ela, referentes a doses seminais, determinacións analíticas, plantas e sementes de viveiro, semente e piñas de sequeiro e especies cinexéticas.

Posteriormente, coa modificación da estrutura orgánica da Xunta de Galicia establecida no Decreto 347/1997, creouse a Consellería de Medio Ambiente, que mediante a Orde do 31 de marzo de 1999 modificou os prezos referentes a plantas forestais, semente e piñas de sequeiro.

Hoxe en día, coa Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establécese, segundo o artigo 4.4º, que as modificacións das contías dos instrumentos as que se refire esta lei deberán ser propostas pola consellería correspondente.

Dada a estrutura orgánica actual da Xunta de Galicia fixada no Decreto 211/2005, do 3 de agosto, no que se integra a Consellería do Medio Rural, da cal dependen os servizos sinalados na Orde do 31 de marzo de 1999, cómpre derrogar expresamente estas epígrafes e substituílos polos establecidos nesta orde.

Por todo isto, e despois do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda,

**DISPOÑO:**

Artigo único

1. Os prezos exixibles polos servizos prestados pola Consellería do Medio Rural referentes a plantas

forestais, semente e piñas de sequeiro son os que se fixan no anexo desta orde.

2. As tarifas fixadas no anexo desta orde entenderanse, se é o caso, co IVE incluído.

*Disposición derogatoria*

Quedan derogados as epígrafes I e II do anexo da Orde do 31 de marzo de 1999 pola que se fixan os prezos derivados dos servizos xestionados pola Consellería de Medio Ambiente, referente a plantas forestais, semente e piñas de sequeiro.

*Disposición derradeira*

Esta orden entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2009.

Samuel Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO

I. Venda de plantas forestais en viveiro. Código 361800.

I.1. Híbridos artificiais de *Castanea spp.*

De 0,50 m ata 1m: 1,65 €/unidade.

Máis de 1 m: 2,20 €/unidade.

II. Venda de semente e piñas en secadoiro. Código 361900.

II.1. Coníferas.

*Pinus pinaster:*

1A. Noroeste litoral, categoría identificada: 55,80 €/kg.

1A. Noroeste litoral, categoría seleccionada: 61,43 €/kg.

Categoría cualificada: 135,2 €/kg.

*Pinus radiata:*

01. Galicia litoral, categoría identificada: 55,80 €/kg.

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 55,80 €/Kg.

*Pinus sylvestris:*

10. S<sup>a</sup> Guadarrama, categoría seleccionada: 141,3 €/kg.

*Pseudotsuga menziesii*, categoría cualificada: 235 €/kg.

II.2. Frondosas.

*Acer pseudoplatanus:*

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 25 €/kg.

*Alnus glutinosa:*

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 150 €/kg.

*Betula pubescens:*

01. Galicia litoral, categoría identificada: 120 €/kg.

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 120 €/kg.

*Castanea sativa:*

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 6 €/kg.

03. Litoral astur-cántabro, categoría identificada: 6 €/kg.

04. Vertente setentrional cantábrica, categoría identificada: 6 €/kg.

05. Vertente meridional cantábrica-Lomas de la Maragatería, categoría identificada: 6 €/kg.

*Fagus sylvatica:*

01. Serra do Courel-Os Ancares, categoría identificada: 60 €/kg.

*Fraxinus angustifolia:*

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 27 €/kg.

04. Vertente setentrional cantábrica, categoría identificada: 27 €/kg.

*Fraxinus excelsior:*

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 27 €/kg.

*Prunus avium:*

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 140 €/kg.

Categoría cualificada: 150,45 €/kg.

*Quercus ilex:*

A. Galicia-O Bierzo, categoría identificada: 7,25 €/kg.

*Quercus petraea:*

01. Galicia, categoría seleccionada: 8 €/kg.

*Quercus robur:*

01. Galicia:

Categoría identificada: 7,25 €/kg.

Categoría seleccionada: 8 €/kg.

*Quercus rubra:*

01. Galicia, categoría seleccionada: 8 €/kg.

*Quercus suber:*

A. Galicia-O Bierzo, categoría identificada: 7,25 €/kg.

*Quercus pyrenaica:*

02. Galicia meridional, categoría identificada: 7,25 €/kg.

*Sorbus aucuparia:*

03. Litoral astur-cántabro, categoría identificada: 345 €/kg.

*Ulmus glabra:*

03. Litoral astur-cántabro, categoría identificada: 103,5 €/kg.

II.3. Por levar adiante as operacións de procesamento de froitos de *Pinus spp.*: 12 €/kg.

II.4. Por levar adiante as operacións de procesado de froitos de fagáceas: 4 €/kg.

II.5. Por levar adiante as operacións de procesamento de froitos de frondosas de sementes de baixa densidade: 15 €/kg.

*Orde do 9 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións, axudas de compensacións complementarias e axudas para a compra de gando bovino e ovino-cabrún que teña por obxecto a reposición das reses, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais, e se convocan para o ano 2010.*

A detección das enfermidades animais incluídas nos programas de loita, control e erradicación autorizados pode derivar no sacrificio obrigatorio e destrución dos animais, seguido dunha hixienización das instalacións da explotación, de acordo coa normativa en vigor.

O Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, (BOE nº 307, do 21 de decembro), establece no seu artigo 2 as enfermidades que estarán sometidas a control oficial en programas nacionais de erradicación.

Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal e demais lexislación concordante, os titulares dos animais sacrificados de forma obrigatoria na execución de programas de erradicación de tuberculose bovina e brucelose no gando vacún e ovino-cabrún, terán dereito a recibir a correspondente indemnización en función dos baremos aprobados oficialmente.

Así mesmo, os titulares de gando afectado pola lingua azul ou febre catarral ovina terán dereito á correspondente indemnización, segundo o suposto que lle corresponda en función da normativa que establece os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio dos animais afectados desta enfermidade.

O Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o Programa integral e coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, no seu artigo 9, establece que o sacrificio dos animais, por sospeita e/ou confirmación destas enfermidades, dará dereito a unha indemnización por sacrificio obrigatorio, de acordo cos baremos oficialmente establecidos.

As decisións da Comisión 2006/759/CE e 2007/848/CE que aproban os programas nacionais de

España para o control da salmonela en mandas de reprodutoras e de poñedoras da especie *Gallus gallus*, e así mesmo a Decisión 2009/771/CE que aproba o programa nacional español para o control da salmonela en mandas de pavos da especie *Meleagris gallopavo*, recollen nunha das súas medidas o sacrificio obrigatorio das aves das mandas consideradas infectadas.

Ademais, o Real decreto 445/2007, do 3 de abril, (BOE nº 95, do 20 de abril), polo que se establecen as medidas de loita contra a influencia aviaria incorpora ao dereito español a Directiva 2005/94/CE do Consello, relativa a medidas comunitarias de loita contra a influencia aviaria; este real decreto establece que o sacrificio obrigatorio das aves dará dereito ao seu titular á correspondente indemnización.

Os baremos oficiais de indemnizacións son os que están vixentes e publicados no *Boletín Oficial del Estado* mediante ordes do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino ou ben mediante real decreto. Así, a Orde do 15 decembro de 2000 (BOE nº 303, do 19 de decembro) establece os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio de animais sospeitosos ou afectados de encefalopatías esponxiformes transmisibles, o Real decreto 1473/2005, do 9 de decembro, (BOE nº 311, do 29 de decembro) modifica os anexos do Real decreto 1328/2000, do 7 de xullo, polo que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio dos animais obxecto de programas nacionais de erradicación de enfermidades, e a Orde APA/1438/2005, do 17 de maio (BOE nº 122, do 23 de maio), modifica a Orde do 15 de decembro de 2000, pola que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio de animais afectados de lingua azul e a Orde APA/940/2008, do 2 de abril, pola que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio obrigatorio dos animais obxecto dos programas nacionais de control de salmonela en mandas de aves reprodutoras e poñedoras do xénero *Gallus gallus*.

Con todo, as indemnizacións establecidas non cobren suficientemente as importantes perdas económicas dos produtores naquelas explotacións nas que se fai un baleiro sanitario por sacrificio preventivo e destrución de todos os seus animais, que se ven obrigadas, ademais, a asumir un período de inactividade produtiva ata que os servizos veterinarios oficiais autorizan a reintrodución de animais na explotación. Consecuentemente, resulta pertinente establecer mecanismos de compensación complementaria.

Por outra parte, cómpre ter en conta a dificultade coa que se atopa o produtor para poder repoñer os animais de similares características a que se lle obrigou a sacrificar, e que, na maior parte dos casos, non hai posibilidade de acadar a reposición total ao mesmo tempo.

Polo tanto, para aqueles casos nos que nas indemnizacións por sacrificio obrigatorio non se acada o valor de adquisición de novos animais similares aos sacrificados e, consecuentemente, non resultaría